

informaTE

quobis :

Moldeamos tecnologías
de comunicación

atlanTTic

research center
for Telecommunication Technologies

Diseñando as
tecnoloxías do futuro



CTAG
Centro Tecnológico
de Automoción de Galicia

#uthefuture

optare solutions

¿Conectamos?

indra

En Indra,
transformamos el futuro


gradient
Connectivity · Intelligence · Security
for your business

#FUTUREBEGINSTODAY

BORGWARNER

The future of
mobility starts
with you.



Televes Corporation

Tecnología que nos une

R

conectando cos nosos

quobis :

Moldeamos tecnologías
de comunicación

Quobis é unha empresa galega fundada no ano 2006 por dous antigos alumnos da ETSET de Vigo e que conta actualmente cun persoal de máis de 40 enxeñeiros/as.

Con sede no Porriño, Quobis prové de solucións de telecomunicacións a grandes empresas e operadores nacionais e internacionais.

Gran parte dos nosos desenvolvementos están baseados en software libre e céntranse en áreas como a interconexión de redes, servizos de rede, a seguridade de comunicacións e plataformas cloud para a creación de ferramentas de comunicación empresarial. Así mesmo, somos socios preferentes de multitude de fabricantes de tecnoloxía de telecomunicacións líderes con quen mantemos relacións estratéxicas como socios integradores e de soporte técnico avanzado.

A innovación e o I+D é unha parte esencial da nosa actividade. Nos últimos anos traballamos en proxectos relacionados con 5G, Intelixencia Artificial, Cloud computing, Edge computing, formando consorcios con empresas de todos os tamaños, desde startups, ata grandes corporacións internacionais.

atlanTTic

research center
for Telecommunication Technologies

Deseñando as tecnoloxías do futuro

atlanTTic é o Centro de Investigación en Tecnoloxías de Telecomunicación da Universidade de Vigo, consolidado como referente en I+D+i no ámbito das tecnoloxías de telecomunicación e os servizos dixitais e recoñecido como Centro de Investigación do SUG.

Coa misión de impulsar o avance da sociedade a través da xeración e transferencia de coñecemento nos devanditos ámbitos, os seus preto de 200 profesionais vertebran a actividade do Centro en tres grandes verticais: comunicacións, ciberseguridade e servizos dixitais, que abordan os grandes retos globais en materia de conectividade, dixitalización e seguridade, e integran, entre outras, tecnoloxías como IA, BigData, Edge, 5G e 6G, criptografía e comunicacións cuánticas, sistemas aeroespaciais ou saúde e educación dixitais.

Esta óptima combinación entre excelencia científica e capacidade de transferencia sitúa a atlanTTic como principal fonte de ingresos en UVigo, asociados a proxectos competitivos e transferencia, ademais de posicionala como referente científico en ámbitos como o aeroespacial, redes 5G e 6G ou as tecnoloxías cuánticas, entre outras.

Destaca, ademais, o seu papel como tractor da I+D+i e a competitividade económica consolidando en Galicia un polo tecnolóxico de referencia internacional, apoiado nun sólido ecosistema e unha ampla rede de colaboradores nacional e internacional.



Que fai CTAG? Somos un Centro de desenvolvemento privado e independente dedicado a ofrecer solucións tecnolóxicas avanzadas ao sector da Mobilidade. A nosa misión é contribuír á mellora da competitividade das empresas de automoción, grazas á experiencia acumulada en diferentes campos de coñecemento, apoiando ás industrias do sector na súa modernización e adaptación ás novas tecnoloxías.

Temos un equipo de 1200+ persoas con estudos técnicos, de enxeñería e doutoramento, de máis de 20 nacionalidades, especialistas en materia de tecnoloxía e innovación que todos os días desafían os retos que representa crear a mobilidade do futuro, e que forman parte das nosas divisións técnicas de:

- Electrónica e Movilidad Intelixente
- Vehículo Eléctrico, Sistemas de Propulsión e Validación
- Procesos e Materiais
- Innovación tecnolóxica

Destacando proxectos técnicos relacionados con:

- A conducción autónoma: Percepción e IA, sistemas e funcións ADAS, investigación e innovación e mobilidade intelixente)
- Enerxía e potencia: procesado avanzado de sinal, sistemas de potencia e tecnoloxías de almacenamento
- Estruturas e subsistemas: Fiabilidade, conformidade, mecatrónica e materiais.
- Fabricación e investigación: Procesos avanzados, industria 4.0 e human factory.

optare solutions

¿Conectamos?

Optare Solutions somos unha empresa de Vigo nacida na Escola de Teleco hai 22 anos e máis dun terzo das 150 persoas que compoñemos o persoal somos antigos alumnos dela. Ademais de en Vigo, temos sedes en Madrid, Portugal e México e compañeiros distribuídos por toda España, Latinoamérica e Polonia.

O noso ámbito de traballo céntrase na consultoría e desenvolvemento de software específico para operadoras de telecomunicacións. En concreto, estamos especializados nos procesos que implican a xestión e execución de todo o necesario para que os clientes poidan ter os seus servizos de fibra e de móbil funcionando correctamente nos seus domicilios.

Practicamente a totalidade das operadoras de España, así como moitas de América e Europa confían en nós. Esta proximidade ao sector permítenos á súa vez participar en multitude de proxectos de I+D nos que colaboramos coa Universidade. 5G e 6G, industria 4.0 ou coche conectado, son algúns dos proxectos nacionais e internacionais nos que participamos.

indra

**En Indra,
transformamos el futuro**

Indra Sistemas somos unha empresa líder en tecnoloxía e enxeñería que ofrecemos solucións innovadoras en diferentes sectores, como transporte, enerxía, sanidade, defensa, mobilidade, seguridade, ciberseguridade e telecomunicacións. A nosa actividade céntrase no desenvolvemento de sistemas e servizos avanzados que axudan a optimizar procesos, mellorar a eficiencia e a calidade.

Somos unha fonte de inspiración e motivación para explorar o mundo da tecnoloxía e a innovación. Ofrecemos oportunidades de formación e emprego en áreas como o deseño hardware, a programación, a enxeñería de software, a ciberseguridade, a intelixencia artificial e a análise de datos, entre outras.

Promovemos a colaboración con universidades, centros de investigación e organizacións educativas para fomentar o talento e a creatividade dos mozos no ámbito tecnolóxico. A través de programas de prácticas, bolsas e eventos, os estudantes poden adquirir experiencia e coñecementos prácticos que lles axudarán a impulsar a súa carreira profesional no futuro.

Ofrecemos oportunidades únicas para os estudantes e alumnado pre-universitario interesados no mundo da tecnoloxía e a innovación. Co noso enfoque na excelencia e a creatividade, somos un excelente lugar para aprender.



Gradiant é un centro privado de tecnoloxía TIC orientado ás necesidades da industria e especializado nas seguintes tecnoloxías: ciberseguridade, intelixencia artificial, comunicacións avanzadas (5G-6G), tecnoloxías cuánticas, drons e industria intelixente.

Un provedor de innovación, con preto de quince anos de experiencia en incubación de tecnoloxía, máis de 200 profesionais no seu equipo e con presenza en 30 países e máis de 400 clientes.

Nos últimos anos, Gradiant ha quintuplicado os acordos de licenza dos seus proxectos de innovación, que xa alcanzan as 150 licenzas en 18 países. Algunhas das referencias públicas internacionais máis recentes son Telefónica, Vodafone, Samsung, Stellantis, OTAN, Indra, NTT Data, Babcock International e Boeing.

BORGWARNER

**The future of
mobility starts
with you.**

BorgWarner é unha empresa líder mundial en produtos para o mercado da automoción, con máis de 130 anos de experiencia fornecendo aos fabricantes de vehículos.

Guiados polos nosos valores; inclusión, integridade, excelencia, responsabilidade e colaboración, é o noso compromiso alcanzar a neutralidade de carbono en 2035. Contamos con 82 emprazamentos en todo o mundo, en 21 países. A nosa crecente carteira de produtos cobre todas as áreas de propulsión eléctrica, incluídos os motores eléctricos, a transmisión de potencia, electrónica de potencia e xestión térmica, para todo tipo de vehículos.

En España contamos con tres centros de traballo; un situado na estrada de Zamáns 20 en Vigo, outro no Polígono das Gándaras en Porriño, e un terceiro no parque empresarial de Porto do Molle, en Nigrán.

No primeiro sitúanse o Centro Técnico de España (STC) con actividades de I+D+i, dando soporte global ás plantas de fabricación e centros técnicos do grupo. Na planta produtiva fábrícanse módulos EGR e novas tecnoloxías para a xestión térmica de baterías de vehículos híbridos e eléctricos. A nosa planta produtiva en Porriño nace para permitir ampliar a produción de proxectos actuais.

Desde 2019, o Centro Técnico Electrónico de España (eSTC), con oficinas e laboratorio, focalízase o desenvolvemento dos novos produtos electrónicos de alta potencia.

Deseñamos produtos e solucións que facilitan a mobilidade, tanto agora como no futuro, e temos a certeza de que todo o mundo ten algo que achegar ao noso éxito continuo.



Televes Corporation

Tecnología que nos une

O ADN de Televes Corporación: Desenvolvemento tecnolóxico, Fabricación de vanguardia e Paixón pola calidade. Televes Corporación é unha compañía tecnolóxica de ámbito global líder no deseño, desenvolvemento e fabricación de solucións para infraestruturas de telecomunicacións e plataformas de servizos dixitais en vivendas, edificios e cidades. Realiza o seu labor como impulsora das principais revolucións tecnolóxicas que experimentou o sector das infraestruturas de comunicacións de radiofrecuencia e datos. Deseña, desenvolve e fabrica en Europa solucións innovadoras con altos niveis de automatización, robotización e calidade, incorporando os seus propios circuítos integrados. Na actualidade, Televes é a cabeceira dunha Corporación que conta con máis de 20 firmas industriais e de servizos, 11 filiais internacionais, máis de 800 empregados e 75 patentes de invención a nivel internacional. Destacando as súas solucións tecnolóxicas e servizos de:

- Transmisión, distribución e medición de sinais de radio, televisión e datos.
- Instalación de redes de alta capacidade para contornas Hospitality.
- Iluminación LED profesional.
- Infraestrutura para o despregamento de redes ópticas de operadores e sector Enterprise.
- Solucións IoT baixo o paraugas da Smart City, nos ámbitos sociosanitario, edificio e hotel conectado.
- Fabricación de circuítos impresos.
- Deseño e simulación para circuítos dixitais, de radiofrecuencia e microondas.
- Solucións metálicas integrais.
- Laboratorio de homologación e certificación.

R

conectando cos nosos

R é o operador de telecomunicacións líder de Galicia que ofrece servizos de internet, telefonía fixa, telefonía móbil, banda ancha e televisión dixital; e, para empresas, solucións IoT (Internet das cousas), tecnoloxía de Smart Cities e Industria 4.0. Marca recoñecida con forte implicación local e líder en fibra óptica e en servizos converxentes de telecomunicacións, R é a opción preferida nos fogares e empresas de Galicia onde ten despregada a súa rede de fibra óptica, superando xa a cifra de 1,7 millóns de fogares cubertos con esta tecnoloxía, a máis avanzada do mercado, e o 90% da poboación de Galicia con dispoñibilidade de acceso ao 5G.

Dende abril de 2024 R forma parte de MASORANGE (+O), a compañía líder do sector das telecomunicacións no Estado por número de clientes/as con +37M de liñas entre móbil (+30M) e banda ancha (+7,3M) e 2,3M de usuarios/as de televisión. MASORANGE é o operador con maior cobertura FTTH con +29M de fogares comercializables con fibra óptica, unha das mellores coberturas móbiles 4G (98%) e 5G (máis do 80%) en todo o territorio nacional e un equipo duns 8.500 profesionais e máis de 50.000 postos de traballo indirectos adicionais.